

MULLERES NA ECONOMÍA

Lourdes Benería



Lourdes Benería i Farré (Bohí, 1937). Estudou nas Universidades de Barcelona e Columbia (Nova York), onde obtivo o Doutoramento en Economía, en 1975. A finais dos 70 dirixiu o *Programa sobre Muller Rural* da OIT (Organización Internacional do Traballo), en Xenebra. Foi profesora en diversas universidades norteamericanas e presidenta (e unha das fundadoras) da International Association for Feminist Economics (IAFFE). Na actualidade é Catedrática emérita da Universidade de Cornell (Nova York).

É unha das grandes pensadoras en Economía de Xénero e nos estudos sobre Desenvolvemento (especialmente en América Latina). Súas publicacións teñen abordado aspectos como o traballo formal e informal, os efectos da globalización no benestar de mulleres e homes e, máis recentemente, a feminización das migracións internacionais e a crise de coidados en Europa.

Lourdes foi unha das primeiras economistas feministas que denunciaron as nefastas consecuencias das políticas de axuste estrutural en América Latina, durante os anos 80 e 90. É unha firme defensora dunha Ciencia Económica centrada nas persoas.

*“Majorities everywhere have to engage in activism to bring about political and long-term economic reforms, to tackle inequality in its various forms, and launch economies on sustainable paths. [...] high levels of income inequality and insecurity are the product of political choices, not the inexorable workings of economic forces over which we have no control”**

**Gender, Development, and Globalization. Economics as if All People Mattered* (with Günseli Berik and María S. Floro) 2016, Routledge, New York (p. 250).

